

Estimados amigos e amigas

Como cada ano a Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia convoca as subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social. Estas axudas reforzan o compromiso da Xunta de Galicia por apostar pola economía social como un sector de futuro, garante de empresas e emprego de calidade.

Con este motivo comprácenos convidarvos a unha xornada informativa que terá lugar o próximo martes 8 de marzo de 2016 ás 10:30 horas no salón de actos do Mupega (Museo Pedagógico de Galicia) en Santiago de Compostela, orientada a dar a coñecer os distintos programas de axudas para 2016 ás entidades adheridas á Rede Eusumo e resolver todas as dúbidas que expoñan os participantes en relación coas actividades de impulso e fomento do cooperativismo e a economía social obxecto de subvención.

Co fin de que a xornada sexa o máis produtiva posible, rogámosvos que, xunto coa conformación de asistencia, nos fagades chegar todas as dúbidas relativas á presentación das solicitudes de subvención dos distintos programas e o deseño dos contidos e das actividades integradas nelas.

Para calquera cuestión, podedes poñervos en contacto connosco no teléfono **981558008** ou no enderezo **info@eusumo.gal**.

Recibide un cordial saúdo

Alba Paz Boubeta
Subdirectora xeral de Economía Social

